



# CONFERENCIA ANIK NANDI

Doutor pola Heriot-Watt University de Edimburgo  
**ESTRATEGIAS PARA A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DO GALEGO  
NO CONTEXTO FAMILIAR**  
**VENRES, 24 DE MARZO DE 2017**  
**ás 20:30 HORAS**  
Na Casa da Cultura de Vilalba

**CONFERENCIA**  
**ANIK NANDI**  
Doutor en Sociolingüística pola Heriot-Watt University de Edimburgo

**ESTRATEGIAS PARA A  
TRANSMISIÓN  
INTERXERACIONAL DO GALEGO  
NO CONTEXTO FAMILIAR**

Presentan  
**REBECA LEAL EIMIL**  
Licenciada en Filoloxía Clásica  
**MARISA BARREIRO**  
Presidenta do Iescha

Ao remate  
COLOQUIO E PEQUENO RECITAL POÉTICO

**Casa da Cultura de Vilalba**  
**VENRES, 24 DE MARZO DE 2017-20:30 HORAS**

Organiza  
**Iescha**  
Instituto de Estudos Chairegos

O venres, 24 de marzo de 2017, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, o Instituto de Estudos Chairegos organiza unha conferencia do bengalí ANIK NANDI que leva por título *Estrategias para a transmisión interxeracional do galego no contexto familiar*. O acto será presentado por Rebeca Leal Eimil, licenciada en Filoloxía Clásica, e Marisa Barreiro Mejuto, presidenta do Iescha, estando previsto tamén ao final do mesmo un coloquio co conferenciante e un pequeno recital de poemas en galego e bengalí, coa participación de Ainé e Marcos Novo.

Anik Nandi (Burdwan-A India, 1981) é un sociolingüísta de orixe bengalí (a el gústalle que lle chamen “bengalego”), doutor nesa especialidade pola Heriot-Watt University de Edimburgo.

Foi licenciado en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Burdwan (A India) e estudou Diploma de Estudos Avanzados na Universidade de Santiago de Compostela coa especialización de Filoloxía Galega. É investigador en formación no proxecto da Unión Europea *New Speakers in a Multilingual Europe sobre os neofalantes de galego*. Tamén é investigador asociado no Equipo de Sociolingüística do Instituto da Lingua Galega (USC) e colaborador na Cátedra

UNESCO de Patrimonio Lingüístico Mundial da Universidade do País Vasco. Anik Nandi é especialista nas áreas de política lingüística, sociolingüística india e galega, linguas minoritarias/amezadas e no ensino de linguas estranxeiras e participa activamente en conferencias nacioanais e internacionais. É tamén autor de diversas publicacións científicas recollidas en revistas prestixiosas. É importante resaltar tamén que o relator ten ampla experiencia en realizar obradoiros sobre linguas e culturas da India en diferentes institucións nacionais e internacionais.

Un dos obxectivos que busca Anik con estas charlas é a de ofrecer argumentos para que os galegos e galegas utilicen a lingua propia do país en todos os ámbitos da vida.

Nandi, que fala nun galego moi correcto e fluído, tentará por de manifesto o maltrato que sofren as linguas minorizadas, especialmente o galego, por mor dos prexuízos que seguen presentes na actualidade.

Anik pensa que aínda que o goberno quere botarlle a culpa ás familias, non se lles pode responsabilizar completamente. Quen é realmente necesario que teña un papel favorable á lingua é o goberno, comenta. Así mesmo cre que cómpre un traballo por parte dos pais.